

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS E VISITANTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago, que se concretan nas seguintes actuacións:

- Cesión do local sito no Centro internacional de acollida aos peregrinos para a súa utilización por Renfe, ao amparo do convenio asinado entre esta e a Axencia Turismo de Galicia.
- Reforzo do material e persoal, así como colaborar nos gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos para unha maior atención e información aos peregrinos.
- Colaborar nas actividades e edicións que promova a Catedral de Santiago relacionadas co Camiño de Santiago (Congreso de Acogida Cristiana, edición de revistas e publicacións varias).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Catedral Santiago de Compostela ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como o funcionamento da do Centro internacional de acollida aos peregrinos, situado no antigo Asilo de Carretas, sendo competencia exclusiva da Catedral a concesión do documento acreditativo da peregrinase: A Compostela.

A estes efectos a S.A.M.I Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas.

Terceiro.- Ambas partes consideran esencial promover a boa imaxe de Galicia e colaborar na posta en marcha de accións de interese común e con beneficios conxuntos .

Cuarto.- A través deste convenio, outórgase á Catedral de Santiago unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo

3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos